



ILTMO. AYUNTAMIENTO DE MARIN

ILTMO. CONCELLO DE MARIN

Avda. de Ourense, s/n  
Telef. 986880300- Fax 986882013  
36900 MARIN (Pontevedra)



FEDERACIÓN GALEGA DE  
MUNICIPIOS E PROVINCIAS (Fegamp)  
Rúa de Varsovia, 4C, 6º andar – Área Central  
15707 Santiago de Compostela

Expte.: 664/16

Plan Galego de Rehabilitación, Alugueiro e Mellora do Acceso á Vivenda 2015-2020 (Plan Rehavita). Programa de Vivendas Baleiras.

Acordo entre o IGVS e o Concello de Marín para a adhesión ao convenio entre o IGVS e a Fegamp para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

Achégase certificación do acordo para a adhesión do Concello de Marín ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras, no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015 -2020.

Marín, 30 de xaneiro de 2017.  
A ALCALDESA

  
María Ramallo Vázquez



Expte.: 664/16

**PAULA COSTAS ROMERO, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE MARÍN**

**CERTIFICA:** Que con data 30 de xaneiro de 2017, a Sra. Alcadesa-Presidenta do Concello de Marín, ditou a resolución que seguidamente se transcribe:

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**APROBACIÓN DO ACORDO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE MARÍN PARA A ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS NO ÁMBITO DO PLAN GALEGO DE REHABILITACIÓN, ALUGUER E MELLORA DO ACCESO Á VIVENDA 2015-2020.**

*Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia establece que as administracións públicas poderán adoptar medidas dirixidas a impulsar a posta no mercado de vivendas en aluguer, cos obxectivos prioritarios de mobilizar as vivendas baleiras e de favorecer o acceso á vivenda a colectivos singulares, en particular colectivos sociais especialmente desfavorecidos, vulnerables ou en situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas maiores e persoas novas que pretendan acceder á vivenda por primeira vez.*

*A Xunta de Galicia ven impulsando desde hai anos diferentes programas para paliar a situación daquelas persoas que non poden facer fronte ao pagamento das cotas hipotecarias ou das rendas de aluguer. Entre as medidas adoptadas está o “Plan Rehavita”, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020. Un plan que ten como primeiro eixo de actuación o acceso á vivenda a través de diferentes programas. Entre eles, recóllese o Programa de Vivendas Baleiras co que se pretende mobilizar as vivendas baleiras existentes en Galicia, calquera que sexa o seu propietario, para destinalas a alugueiro social.*

*Con data 3 de maio de 2016 o IGVS e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron un convenio para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.*

*O referido Programa preténdese destinar vivendas baleiras, de propiedade pública ou privada, ao aluguer social por parte de familias desfavorecidas.*

*O obxectivo prioritario do programa é crear unha bolsa de vivendas baleiras para aluguer social cos inmobles desocupados deste municipio e destinalos a familias en dificultades, incorporando as vivendas de organismos, particulares e empresas que non se atopen habitadas.*

*A implantación do Programa esixe a participación dos concellos tanto para a incorporación das vivendas e a xestión das altas e baixas do correspondente rexistro de vivendas baleiras, como para proceso de selección de arrendatarios e de adxudicación das vivendas.*

*Unha vez que o Concello asine coa Xunta a súa adhesión ao convenio de colaboración entre o IGVS e a Fegamp, para o desenvolvemento do Programa, porá en marcha a captación e selección de vivendas baleiras. O concello propondrá á Consellería de Infraestruturas a incorporación de vivendas baleiras da súa propiedade ou de terceiros, sempre que estean libres de cargas e gravames que impidan o seu aluguer, sexan conformes coa lexislación, estean desocupadas e sexan susceptibles de uso, cando menos, desde o momento da solicitude de incorporación ao programa.*

*O Concello de Marín desexa contribuír ao acceso á vivenda en alugueiro, especialmente para aqueles colectivos que se atopan nunha situación de maior vulnerabilidade polas súas circunstancias económicas, persoais ou familiares. Para articular ese obxectivo, está interesado en colaborar co IGVS, como organismo competente en materia de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia.*



*Polas razóns anteriores, tendo en conta esta iniciativa e a implicación que un concello como o noso debe ter na protección do dereito constitución á vivenda, esta Alcaldía*

**RESOLVE:**

**Primero.-** *Aprobar o acordo entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Marín, para a adhesión ao convenio de colaboración entre o IGVS e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras, no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015 -2020.*


**Segundo.-** *Designar como vogais que representarán ao Concello de Marín na Comisión de Seguimento e Coordinación do acordo para a adhesión ao convenio de colaboración para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras a D. Manuel Santos Costas, concelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Persoal, e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Antonia Sanmartín García, concelleira delegada de Medio Ambiente e Benestar Social.*

**Terceiro.-** *Dar traslado da presente resolución ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e á Federación Galega de Municipios e Provincias."*

E para que conste expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello, en Marín, a trinta de xaneiro de dous mil dezasete.



María Ramallo Vázquez



Paula Costas Romero